**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 31 de agosto de 2017**

| **ASISTENTES:** | **NON ASISTEN:** |
|---|---|
| **Membros :** | |
| D. Abel Caballero Álvarez | Dª Mª. Carmen Silva Rego |
| Mª José Caride Estévez | D. David Regades Fernández |
| D. Cayetano Rodríguez Escudero. | D. Carlos López Font |
| Dª. Olga Alonso Suárez | D. Angel Rivas González. |
| Dª. Mª. Isaura Abelairas Rodríguez | |
| D. Jaime Aneiros Pereira. | |

**Invitados**
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas e vinte minutos do día trinta e un de agosto de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(875).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 27 de xullo, extraordinaria e urxente do 28 de xullo, ordinaria e extraordinaria e urxente do 3 de xullo, e extraordinarias e urxentes do 10, 18 e 23 de agosto de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(876).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADO S NO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE OS MESES DE ABRIL, MAIO, XUÑO E XULLO DE 2017. EXPTE. 145549/301.**
Mediante dilixencia de data 18/08/17, o concelleiro delegado da Área de Política Social (Decreto do 1/08/17), da conta dos contratos menores tramitados no Servizo

de Benestar Social, segundo informe da técnica Media de Servizos Económicos do 17/08/17, que di o seguinte:

*Cumprindo as instruccións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de: abril-maio-xuño-xullo de 2017*

*DEPARTAMENTO: BENESTAR SOCIAL  FUNCIONAL: 2310 / 2017*

| DATA | CONCEPTO | PARTIDA | Nº OPERACIÓN | IMPORTE EUROS | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|---|
| 19/06/2017 | MANTEMENTO E REPARCIÓNS NO ALBERGUE | 2120002 | 201700056106 | 8.000,00 | VARIOS |
| 25/05/2017 | REPARACION MAQUINARIA E INSTALACIÓNS | 2130001 | 201700048227 | 4.000,00 | VARIOS |
| 12/04/2017 | IMPRESION E MANIPULACIÓN TRIPTICOS | 2260200 | 201700035426 | 2.494,11 | ECOVIGO PULBICIDAD, S.L. |
| 29/06/2017 | SERVIZO TRANSPORTE PROG. MAIORES | 2260902 | 201700062484 | 6.000,00 | AUTOCARES LA FLORIDA, S.A.L. |
| 24/05/2017 | INFORMES AVALIACION VIVENDAS MELLORA FOGARES | 2279900 | 201700047831 | 4.900,50 | ORLANDO ABILDUA CAPETILLO |
| 25/05/2017 | REALIZACION MEMORIA ANUAL 2016 | 2279900 | 201700048226 | 4.840,00 | JUAN FERNANDEZ DURAN |
| 12/04/2017 | INFORMACION-SENSIBILIZACIÓN 8 OBRADOIROS | 2279908 | 201700034681 | 2.300,00 | ASOC. ERGUETE |
| 12/04/2017 | NON PASA NADA PASA ALGO 5 OBRADOIROS | 2279908 | 201700034682 | 1.500,00 | ASOC. ERGUETE |
| 18/04/2017 | PENELOPE: PREVENCIÓN | 2279908 | 201700035872 | 900,00 | ASOC. AMAINA |
| 28/06/2017 | ORGANIZACIÓN E PRODUCCIÓN XORNADA NEUROPSICOLOXICA | 2279908 | 201700062196 | 5.000,00 | VARIOS |
| 20/04/2017 | ACTIVIDADES INSERCION PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA | 2279909 | 201700033690 | 3.500,00 | VARIOS |
| 19/05/2017 | DIVIRTETE NO VERAN XULLO | 2279909 | 201700047058 | 18.000,00 | ASOC. ABERTAL |
| 23/05/2017 | TRANSPORTE USUARIOS DIVIRTETE NO VERAN | 2279909 | 201700047255 | 3.300,00 | SDAD. COO. CENTRAL RADIO TAXIS |
| 30/05/2017 | RESPIRO FAMILIARA VERAN NO LECER | 2279909 | 201700049260 | 13.000,00 | ASOC. GALEGA SAN FRANCISCO |
| 31/05/2017 | PRONGRAMA SENSIBILIZACIÓN FORMACIÓN EXTERNA | 2279909 | 201700052156 | 8.000,00 | FUNDACION ENTRECULTURAS FE Y ALEGRIA |
| 26/06/2017 | DISPOSITIVOA ACCESIBILIDAD AO BAÑO | 2279909 | 201700059201 | 21.779,99 | EMBESUR, S.L. |

**<u>Acordo</u>**
A Xunta de Goberno local queda informada.

**3(877).- PROPOSTA DE RENUNCIA Á CONCESIÓN DO POSTO F05 NO MERCADO DO PROGRESO DE “PLANOS E DESENVOLVEMENTO COMERCIAL S.L.” EXPTE. 223/551.**
Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 11/08/17, asinada polo xefe da Área de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Comercio, que di o seguinte:

*En Vigo, a 7 de agosto, en relación co asunto de referencia, relativo a PLANOS E DESENVOLVEMENTO COMERCIAL, S L, con NIF B27714641, resultan relevantes para a emisión do presente os seguintes*

*FEITOS*

*Á persoa de referencia foille outorgada concesión en sesión da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o 14 de setembro de 2009.*

*En data 20 de xuño de 2017 presenta escrito de renuncia á dita concesión.*

*FUNDAMENTOS DE DEREITO*

*Os dereitos dos interesados, agás prohibición expresa, son en xeral renunciables. Por este motivo, e dada autonomía da vontade da persoa, non cabe máis que acceder á renuncia da concesión outorgada.*

*De conformidade cos pregos polo que foi outorgada a "Contratación en procedimento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no "Mercado Municipal do Progreso" mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmoble" (exped 5470/551) o posto revirte á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos del Mercado del Progreso.*

*A renuncia, de acordo coas condicións coas que foi outorgada no seu día, non da lugar a indemnización ou rembolso ningún.*

*É competente para o coñecemento da presente, a Xunta de Goberno Local, órgano que outorgou a concesión.*

*Tras o exame dos feitos e fundamentos de dereito subliñados, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en relación có expediente* ***223/551*** *que se tramita a nome de PLANOS E DESENVOLVEMENTO COMERCIAL SL, con NIF B27714641, en relación có posto F05, a adopción do seguinte*

*ACORDO*

1. *Acceder á renuncia á concesión outorgada a PLANOS E DESENVOLVEMENTO COMERCIAL, S L, con NIF B27714641.*

2. *Adxudicar o posto á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos del Mercado del Progreso.*
3. *Comunicar o presente a PLANOS E DESENVOLVEMENTO COMERCIAL S L, con NIF B27714641, e á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos del Mercado del Progreso.*

## <u>Acordo</u>

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(878).- PROPOSTA DE RENUNCIA Á CONCESIÓN DO POSTO C01 NO MERCADO DO PROGRESO DE FERNANDO M. GONZÁLEZ RODRÍGUEZ. EXPTE. 210/551.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 11/08/17, asinada polo xefe da Área de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Comercio, que di o seguinte:

*En Vigo, a 7 de agosto de 2017, en relación co asunto de referencia, relativo a FERNANDO MANUEL GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, con NIF 360800781Z, resultan relevantes para a emisión do presente os seguintes*

*FEITOS*

*Á persoa de referencia foille outorgada concesión en sesión da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o 14 de setembro de 2009.*

*En data 21 de xuño de 2017 presenta escrito de renuncia á dita concesión.*

*FUNDAMENTOS DE DEREITO*

*Os dereitos dos interesados, agás prohibición expresa, son en xeral renunciables. Por este motivo, e dada autonomía da vontade da persoa, non cabe máis que acceder á renuncia da concesión outorgada.*

*De conformidade cos pregos polo que foi outorgada a "Contratación en procedimento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no "Mercado Municipal do Progreso" mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmoble" (exped 5470/551) o posto revirte á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos del Mercado del Progreso.*

*A renuncia, de acordo coas condicións coas que foi outorgada no seu día, non dá lugar a indemnización ou rembolso algún*

*É competente para o coñecemento da presente, a Xunta de Goberno Local, órgano que outorgou a concesión.*

*Tras o exame dos feitos e fundamentos de dereito subliñados, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en relación có expediente 210/551 que se tramita a nome de FERNANDO MANUEL GONZALEZ RODRIGUEZ, com NIF 360800781Z, en relación có posto C01 do Mercado do Progreso, a adopción do seguinte*

*ACORDO*

1. *Acceder á renuncia á concesión outorgada a FERNANDO MANUEL GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, con NIF 360800781Z.*

2. *Adxudicar o posto á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos del Mercado del Progreso.*

3. *Comunicar o presente a FERNANDO MANUEL GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, con NIF 360800781Z, e á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos del Mercado del Progreso.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(879).- PAGAMENTO DAS DIETAS POR ASISTENCIAS DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS ÁS SESIÓNS DOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO NO PERÍODO XANEIRO Á XULLO DE 2017. EXPTE. 19909/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/08/17, dáse conta do informe-proposta do 31/07/17, asinado polo técnico do Servizo de Educación, a xefa do Servizo de Educación, a concelleira delegada da Área e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Consonte co establecido na lexislación educativa vixente, a Lei Orgánica da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (BOE nº 295 martes 10/decembro/2013) que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, recolle no seu artigo 126.1.c) que entre os membros que componen o Consello Escolar estará un Concelleiro/a ou representante do Concello do termo municipal onde esté radicado o centro. Igualmente os Concellos, consonte co establecido no artigo 25.2.n) da Lei 27/2103 teñen como competencia propia e responsabilidade legal a conservación, mantemento e vixianza dos colexios públicos, e a LOMCE tamén establece no seu artigo 80 entre as competencias do Consello Escolar de Centro a "promoción da conservación e renovación das instalacións escolares".
En aras de cumprir esta obriga municipal e segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 13 de xaneiro de 2017, aprobouse entre outros, o nomeamento de Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público de Educación Infantil, Primaria e Secundaria (Expte 18410/332), e a autorización para que perciban en concepto de asistencias efectivas a cada sesión do órgano colexiado a dieta de 39,78.-€ (TRINTA E NOVE CON SETENTA E OITO EUROS),para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B; e a dieta de 36,72.-€ (TRINTA E SEIS CON SETENTA E DOUS EUROS) para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D; cantidades homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servicio.

O referido R.D. recolle nos seus artigos 1.d) / 7.1.a) / 28.1 que : "Darán orixe a indemnización ou compensación as asistencias pola concurrencia, persoal ou por representación, as reunións de Órganos Colexiados da Administración, de Órganos de Administración de Órganos Públicos..."

Tal é o caso dos Consellos Escolares dos Centros Públicos, como Órgano Colexiado de Goberno dos centros de ensino público que dependen da Admón. Educativa Competente, neste caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que permiten participar na xestión dos centros aos distintos membros da comunidade escolar, ademais de constituir a canle para o control e xestión dos fondos públicos.

Tamén recolle no seu artigo 2e) que : "O presente R.D. será de aplicación para o persoal ao servizo das Corporacións Locais, tal e como prevé a súa lexislación específica".

Contabilizadas as asistencias ós Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, aportadas polos diferentes representantes municipais, dende o 13 de xaneiro ate o 19 de xullo dos correntes, elévanse á cantidade de 143 consellos escolares.

Na documentación que acompaña a este expediente, adxúntanse ademais dos xustificantes de asistencia expedidos polos centros de ensino, cada unha das fichas correspondentes ás sesións dos Consellos Escolares desenvolvidas polos representantes municipais, que con posterioridade quedarán arquivadas para a súa pertinente consulta nas dependencias do Servizo de Educación.

Asemade, e a efectos de cómputo, de cada representante municipal relacionase cronolóxicamente a data de asistencia da primeira e última sesión do consello escolar por cada un deles efectuada.

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local o seguinte:

“Aproba-la cantidade de 5.584,5.-€ (CINCO MIL CINCOCENTOS OITENTA E CATRO CON CINCO EUROS) en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares no periodo xaneiro a xullo de 2017, con cargo á Partida Presupostaria 3230.233.00.00 dietas asistencia consellos escolares, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M, GRUPO A2
(17/01/2017 - 30/06/17) .........................33 X 39,78.-€ ............................ 1.312,74.-€

Zona 2.- MARIA JOSE LOUREIRO BADA, NIF: 36.080.259-K, GRUPO A1
(24/01/2017 - 28/06/17) .......................... 7 X 39,78.-€ ............................ 278,46.-€

Zona 3.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N, GRUPO C1
(18/01/2017 – 19/07/2017) ..................... 18 X 36,72.-€ .......................... 660,96.-€

Zona 4.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: 36.046.809-J, GRUPO A1
(13/01/2017 - 30/06/2017) ....................... 24 X 39,78.-€ ........................... 954,72.-€

Zona 5.- PILAR CARNEIRO MINIÑO, NIF: 76.986.963-Y, GRUPO A1
(27/01/2017 - 29/06/2017) ......................... 5 X 39,78.-€ .......................... 198,9.-€

Zona 6.- BELÉN MEDIERO RODRÍGUEZ, NIF: 36.063.755-P, GRUPO A2
(26/01/2017 - 30/06/2017) ........................... 5 X 39,78.-€ .......................... 198,9.-€

Zona 7.- ÁNGELES LANDÍN LORENZO, NIF: 36.091.654-P, GRUPO C1
(24/01/2017 - 30/06/17) .............................. 16 X 36,72.-€ ......................... 587,52.-€

Zona 9.- MARIA JESÚS SANROMÁN VARELA, NIF: 36.018.668-R, GRUPO A2
(26/01/2017 - 11/07/2017) ............................. 6 X 39,78.-€ .......................... 238,68.-€

Zona 10.- MARIA JOSÉ THOMAS BERBEN, NIF: 8.758.892-D, GRUPO A2
(17/01/2017 - 27/06/2017) ............................ 6 X 39,78.-€ .......................... 238,68.-€

Zona 11.- YOLANDA FAJIN TORRES, NIF: 33.297.554-V, GRUPO A2
(24/01/2017 - 29/06/2017) ............................ 13 X 39,78.-€ .......................... 517,14.-€

Zona 12.- ESTELA ROSENDE VILLAR, NIF: 36.069.110-G, GRUPO A2
(24/01/2017 - 30/06/2017) .............................. 10 X 39,78.-€ ......................... 397,8.-€

**<u>Acordo</u>**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(880).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS DURANTE O MES DE XULLO DE 2017 NO SERVIZO DE FESTAS. EXPTE. 7094/335**.
Dáse conta da proposta de data 7/08/17, asinada polo técnico de xestión do Servizo de Festas, a xefa de dito Servizo e a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao estabelecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2017, aprobadas polo Pleno con data 27/12/2016, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Festas, autorizados pola concelleira delegada de Festas, o mes de xullo de 2017.

*Expte*: 7010/335. CONTRATACIÓN DA MONTAXE E DESMONTE DE FERROS E INFRAESTRUTURAS PARA O AUDITORIO DE CASTRELOS CON MOTIVO DOS ESPECTÁCULOS DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2017
*Decreto concelleira data*: 03/07/2017
*Informe Intervención*: RCM 65941
*Adxudicatario*: SACAFERRO SL
*Importe total*: 20.576,80 EUROS

*Expte*: 7014/335. CONTRATACIÓN DA ELABORACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIAS PARA SAMIL CON MOTIVO DOS EVENTOS DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2017
*Decreto concelleira data*: 03/07/2017
*Informe Intervención*: RCM 65942
*Adxudicatario*: PEDRO MURCIEGO DELGADO
*Importe total*: 1.210,00 EUROS

*Expte*: 7019/335. CONTRATACIÓN DAS EXHIBICIÓNS DE DANZA URBANA VIKUL - VIGO EN FESTAS 2017
*Decreto concelleira data*: 06/07/2017
*Informe Intervención*: RCM 66483
*Adxudicatario*: ASOCIACIÓN ARTÍSTICA Y CULTURAL PARA LA PROMOCIÓN DE LA DANZA Y OTRAS ARTES ESCÉNICAS CORREOMAGAZINE
*Importe total*: 7.000,00 EUROS

*Expte*: 7009/335. CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PREVENTIVOS DE CRUZ VERMELLA PARA OS ESPECTÁCULOS DO VIGO EN FESTAS 2017
*Decreto concelleira data*: 10/07/2017
*Informe Intervención*: RCM 67165
*Adxudicatario*: CRUZ ROJA ESPAÑOLA

*Importe total*: 4.235,00 EUROS

*Expte*: 7016/335. CONTRATACIÓN DAS LUCES, SON, PROMOCIÓN E CATERING PARA O CONCERTO DE LA OREJA DE VAN GOGH – VIGO EN FESTAS 2017
*Decreto concelleira data*: 10/07/2017
*Informe Intervención*: RCM 66171
*Adxudicatario*: SWEET NOCTURNA SL
*Importe total*: 18.634,00 EUROS

*Expte*: 7017/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCIÓN TÉCNICA PARA O CONCERTO DE LA OREJA DE VAN GOGH - VIGO EN FESTAS 2017
*Decreto concelleira data*: 10/07/2017
*Informe Intervención*: RCM 67164
*Adxudicatario*: SACAFERRO SL
*Importe total*: 11.884,33 EUROS

*Expte*: 7018/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCIÓN TÉCNICA PARA O CONCERTO DE THE PRETENDERS - VIGO EN FESTAS 2017
*Decreto concelleira data*: 10/07/2017
*Informe Intervención*: RCM 67166
*Adxudicatario*: SACAFERRO SL
*Importe total*: 11.959,06 EUROS

*Expte*: 7028/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE MITIC EL ESPECTÁCULO - VIGO EN FESTAS 2017
*Decreto concelleira data*: 13/07/2017
*Informe Intervención*: RCM 67536
*Adxudicatario*: CONSORT MUSIC SL
*Importe total*: 9.680,00 EUROS

*Expte*: 7029/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DA CORAL CASABLANCA - VIGO EN FESTAS 2017
*Decreto concelleira data*: 13/07/2017
*Informe Intervención*: RCM 67537
*Adxudicatario*: FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA
*Importe total*: 8.000,00 EUROS

*Expte*: 7027/335. CONTRATACIÓN DAS LUCES E SON PARA OS CONCERTOS DE VIGOSÓNICO E DE MITIC EL ESPECTÁCULO - VIGO EN FESTAS 2017
*Decreto concelleira data*: 17/07/2017
*Informe Intervención*: RCM 67167 e 68371
*Adxudicatario*: GLOBAL SETUP SL
*Importe total*: 9.208,40 EUROS

*Expte*: 7042/335. CONTRATACIÓN DAS LUCES E SON PARA O CONCERTO DA CORAL CASABLANCA - VIGO EN FESTAS 2017
*Decreto concelleira data*: 17/07/2017
*Informe Intervención*: RCM 68007
*Adxudicatario*: LUZ PUNTUAL SL e KACHET LOXÍSTICA SA
*Importe total*: 5.786,86 EUROS

*Expte*: 7026/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCIÓN TÉCNICA PARA O CONCERTO DE MIGUEL BOSÉ - VIGO EN FESTAS 2017
*Decreto concelleira data*: 18/07/2017
*Informe Intervención*: RCM 68235
*Adxudicatario*: ELVIRA ZAPATA VILA
*Importe total*: 14.196,33 EUROS

*Expte*: 7031/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCIÓN TÉCNICA PARA O CONCERTO DE CARLOS VIVES - VIGO EN FESTAS 2017
*Decreto concelleira data*: 18/07/2017
*Informe Intervención*: RCM 68236
*Adxudicatario*: ELVIRA ZAPATA VILA
*Importe total*: 14.150,95 EUROS

*Expte*: 7032/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCIÓN TÉCNICA PARA O CONCERTO DA CORAL CASABLANCA - VIGO EN FESTAS 2017
*Decreto concelleira data*: 18/07/2017
*Informe Intervención*: RCM 68237
*Adxudicatario*: ELVIRA ZAPATA VILA
*Importe total*: 14.965,89 EUROS

*Expte*: 7043/335. CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS DE 7 GRUPOS VIGOSÓNICO - VIGO EN FESTAS 2017
*Decreto concelleira data*: 18/07/2017
*Informe Intervención*: RCM 68228
*Adxudicatario*: ATLANTICA PONTE 2000 SLU
*Importe total*: 4.000,00 EUROS

*Expte*: 7044/335. CONTRATACIÓN DA MONTAXE DUN ESCENARIO NA PORTA DO SOL E DAS PRODUCIÓNS TÉCNICAS PARA VIGOSÓNICO E MITIC - VIGO EN FESTAS 2017
*Decreto concelleira data*: 20/07/2017
*Informe Intervención*: RCM 68610
*Adxudicatario*: SACAFERRO SL
*Importe total*: 11.568,74 EUROS

*Expte*: 7045/335. CONTRATACIÓN DAS ACTIVIDADES PARA A SEMANA INFANTIL POR BARRIOS - VIGO EN FESTAS 2017
*Decreto concelleira data*: 21/07/2017
*Informe Intervención*: RCM 70857
*Adxudicatario*: BARAFUNDA SL
*Importe total*: 15.800,00 EUROS

*Expte*: 7051/335. CONTRATACIÓN DA ACTIVIDADE TOBOGÁN ACUÁTICO SLIDE CITY - VIGO EN FESTAS 2017
*Decreto concelleira data*: 21/07/2017
*Informe Intervención*: RCM 70858
*Adxudicatario*: SDE GROUP SC
*Importe total*: 21.719,50 EUROS

*Expte*: 7052/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA E CATERING PARA O ESPECTÁCULO CATIVO MUSICAL “PATRULLA CANINA” - VIGO EN FESTAS 2017

*Decreto concelleira data*: 21/07/2017
*Informe Intervención*: RCM 70859
*Adxudicatario*: CATEGÓRICA PRODUCCIONES SL
*Importe total*: 9.930,00 EUROS

*Expte*: 7053/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA E CATERING PARA O ESPECTÁCULO CATIVO MUSICAL DE “GISELA Y EL LIBRO MÁGICO” - VIGO EN FESTAS 2017
*Decreto concelleira data*: 21/07/2017
*Informe Intervención*: RCM 70860
*Adxudicatario*: CATEGÓRICA PRODUCCIONES SL
*Importe total*: 14.350,00 EUROS

*Expte*: 7054/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA E CATERING PARA O ESPECTÁCULO CATIVO MUSICAL DE “ALBOROTADOS” - VIGO EN FESTAS 2017
*Decreto concelleira data*: 21/07/2017
*Informe Intervención*: RCM 70862
*Adxudicatario*: CATEGÓRICA PRODUCCIONES SL
*Importe total*: 6.820,00 EUROS

*Expte*: 7055/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA E CATERING PARA O CONCERTO DE PAULA ROJO - VIGO EN FESTAS 2017
*Decreto concelleira data*: 21/07/2017
*Informe Intervención*: RCM 70866
*Adxudicatario*: ENRIQUE PATRICIO GARCÍA
*Importe total*: 9.905,00 EUROS

*Expte*: 7057/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA E CATERING PARA O ESPECTÁCULO CATIVO MUSICAL “LA BELLA DURMIENTE” - VIGO EN FESTAS 2017
*Decreto concelleira data*: 21/07/2017
*Informe Intervención*: RCM 70861
*Adxudicatario*: BIGLAB SLU
*Importe total*: 9.905,00 EUROS

*Expte*: 7050/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCIÓN TÉCNICA PARA O CONCERTO DE CRYSTAL FIGHTERS - VIGO EN FESTAS 2017
*Decreto concelleira data*: 28/07/2017
*Informe Intervención*: RCM 73361
*Adxudicatario*: SACAFERRO SL
*Importe total*: 12.115,97 EUROS

**Acordo**
A Xunta de Goberno local queda informada.

**7(881).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA¡A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA A ORGANIZACIÓN DA “FESTA DO MEXILLÓN 2017”. EXPTE. 6918/335.**

Visto o informe xurídico de data 17/08/17, e o informe de fiscalización de data 23/08/17, dáse conta do informe-proposta do, asinado polo técnico de xestión do

Servizo de Festas, o concelleiro delegado da Área de Festas e Turismo (Decreto do 9/08/17) e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*Como consecuencia dunha resolución da concelleira de Festas e Turismo de data 11 de agosto de 2017, iniciouse o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Federación de Peñas recreativas "El Olivo" (CIF G-36.704.666), para a realización da "Festa do Mexillón 2017", o vindeiro 3 de setembro, no Parque de Castrelos, dentro da programación "Vigo en Festas 2017".*

*A concellería de Festas e Turismo está a xestionar o programa de actividades que terán lugar na nosa cidade nos meses de xullo, agosto e setembro, dentro das Festas de Verán 2017. Dentro desta programación vénse incluíndo nos últimos anos unha serie de festas de enxalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o polbo, e que se realiza en colaboración con diversas entidades, xa que o Concello non dispón dos medios suficientes para afrontar a organización en solitario destes eventos.*

*Dende hai varios anos, a entidade Federación de Peñas recreativas "El Olivo" vén realizando a organización da festa de enxalzamento gastronómico do mexillón, contando con gran afluencia de público, e está en condicións de organizar a presente edición, conforme ao Programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos no Anexo do texto do convenio.*

*Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (Cabalgata de Reis, Entroido, etc.).*

*O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.*

*O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este expediente incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia , e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.*

*O convenio do que se trata é un convenio de colaboración dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades conveniantes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ó limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades.*

*Este convenio prevé unha disposición dineraria de 7.000,00 euros, con cargo á aplicación 3380.489.0005 do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo, suxeito ao cumprimento pola mesma dun*

*determinado obxectivo de utilidade pública e interese social expostas nas obrigas pactadas en convenio. A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor do destinatario dentro do capítulo 4 do vixente orzamento do Concello de Vigo (Convenio Fed. Peñas recreativas El Olivo – Festa Mexillón).*

*Outras obrigas que asume o Concello respecto da entidade son: colaborar na organización xeral en xestións como a presenza da Policía Local e dos servizos de Protección civil, editar un total de 500 carteis que distribuirán posteriormente a entidade e incluír a festa gastronómica no programa "Vigo en Festas 2017".*

*Pola súa banda, a entidade encargarase da organización xeral da festa e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 10.260,00 euros.*

*O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003 e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a LG 9/2007.*

*En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, la Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o estabelecido na Lei 38/2003, nos artigos 20. 4 e 8b).*

*De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía de 19 de xuño de 2015.*

*Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro de Festas e Turismo e do concelleiro de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte*

*PROPOSTA:*

*"1º.- Que se aprobe o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas recreativas El Olivo para a organización da "Festa do Mexillón 2017".*

*2º.- Que se autorice un gasto por importe de 7.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Federación de Peñas recreativas El Olivo (CIF G-36.704.666), con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0005 (Convenio Fed. Peñas recreativas El Olivo – Festa Mexillón) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio."*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA GASTRONÓMICA DO MEXILLÓN 2017

Na Casa do Concello de Vigo, a de dous mil dezasete.

REUNIDOS

Dunha parte, dona Ana Laura Iglesias González, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Festas e Turismo do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Doutra, don Camilo Pais Martínez, como presidente da Federación de Peñas recreativas “El Olivo”, CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 6918/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

**I.-** Que a Federación de Peñas recreativas “El Olivo” ten por fins, entre outros, o fomento e estimulación da cultura, a organización e desenvolvemento de eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en prol do engrandecemento de Vigo. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a “Festa do Mexillón”, no parque de Castrelos, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

**II.-** Que o Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades “Vigo en festas 2017”, que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enxalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

**III.** Que dende o ano 1996 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

**IV.-** Que o carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**V.-** Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0005, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 7.000,00 (sete mil) euros, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo.

**VI.-** Que, conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas

nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

**VII.-** Que a entidade Federación de Peñas recreativas El Olivo non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsábeis e certificacións que figuran no expediente núm. 6918/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade **Federación de Peñas recreativas El Olivo**, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión dunha subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do Mexillón 2017, en base aos seguintes**.**

PACTOS

**Primeiro.-** A Federación de Peñas recreativas El Olivo comprométese a colaborar coa Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo en canto a organización da Festa do Mexillón 2017 que terá lugar no Parque de Castrelos o día 3 de setembro de 2017, e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil, así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.- Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entrega ao CONCELLO copia da póliza de seguro (que se achega ao expediente).

8º.- Deixar a zona do Parque de Castrelos onde teña lugar a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

9º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas

recomendacións que deriven do mesmo, se así o require o Servizo de Seguridade e Mobilidade.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das "Vigo en Festas 2017".

4º.- Conceder directamente á Federación de Peñas recreativas El Olivo, unha subvención por importe de 7.000,00 (sete mil) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da Festa do Mexillón 2017.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES09 2080 5077 9330 4001 6285, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

**Oitavo.-** A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

**Noveno.-** A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do mes de decembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demáis documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentaráse en orixinal. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

  En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderáse substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do

proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 10.260,00 euros."

**Décimo.-** No caso de que a ENTIDADE se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como estabelece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo primeiro.-** Serán gastos subvencionábeis os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo servizos da Concellería de Festas e Turismo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Servizo de Festas Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

**Décimo sexto.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

**Décimo sétimo.**- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2017 e non será prorrogábel.

**Décimo oitavo.-** A concelleira da Área de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

**Décimo noveno.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésimo.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

**Vixésimo primeiro**.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Festas e Turismo. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, estabelecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

**Vixésimo segundo.-** A entidade deberá cumprir estritamente co Plan de Autoprotección contratado, controlando a afluencia de público aos diferentes espazos do evento e respetando os seus aforos, no caso de que o Servizo de Seguridade e Mobilidade municipal requira esta contratación para autorizar a celebración da festa.

**Vixésimo terceiro.-** En cumprimento do estabelecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o estabelecido na Lei 38/2003, artigo 20.4 e 20.8.b.

**Vixésimo cuarto.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.
VMO

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican.

**8(882).- PROXECTO DE REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DA LINGUA. EXPTE. 1936/334.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día.

**9(883).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ: TELEFONO 010. EXPTE. 3722/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28/07/17, dáse conta do informe-proposta de data 11/07/17, asinado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o secretario xeral do Pleno, o concelleiro delegado de Participación Cidadá, e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

*A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 2 de setembro de 2011, acordou aprobalo expediente para a contratación do servizo de Información Cidadá Teléfono 010 e abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista (Expte. Núm. 2054/321)*

*O anuncio do contrato publicouse no Boletín Oficial da Provincia núm. 185 de data 26/09/2011, rematando o prazo de presentación de ofertas aos 15 días seguintes á publicación do dito anuncio, é dicir, o 11/10/2011.*

*A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 29 de xuño de 2012, acordou adxudicar á Outsourcing Signo Servicios Integrales Grupo Norte S.L.U., a contratación do "Servizo de Información Cidadá: Teléfono 010", por un prezo total de 739.190,68 euros (expte. 2054/321), o cal se veu incrementado pola suba impositiva do IVE ao 21%, sendo o custo actual do contrato de 757.983,66 €.*

*O contrato foi formalizado con data de 30 de outubro de 2012, comezando a prestación do servizo o 1 de novembro de 2012.*

*O 5 de agosto de 2016, en sesión ordinaria, a Xunta de Goberno Local acordou, conforme a proposta do expediente 2054/321:*

> *"Tomar razón da fusión por absorción de Grupo Norte Agrupación Empresarial de Servicios, S.L. (sociedade absorbente) e Grupo Norte Outsourcing Signo Servicios*

> *Integrales, S.L.U. (sociedade absorbida) e, polo tanto, a primeira delas subrógase en todos os dereitos e obrigas resultantes do contrato do Servizo de información cidadá: teléfono 010, adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local do 29 de xuño de 2012".*

*Por outra banda, con data 7/10/2016, a Xunta de Goberno Local, acordou autorizar a prórroga do contrato por UN ANO (expte. 3399-321), para o período comprendido entre o 01-11-2016 ó 31-10-2017, sendo o importe da prórroga de 189.495,92 euros, dos que 31.582,65 € corresponden ao orzamento de 2016 e 157.913,26 € corresponden ao orzamento de 2017, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan.*

*Con data de entrada no Rexistro Xeral de 13 de decembro de 2016, e documento núm. 160167186, a adxudicataria do contrato solicita a revisión do prezo, indicando que corresponde aplicar o 85% do IPC do mes de outubro, polo tanto o 0,6 % e que sería aplicable dende o 1 de novembro de 2016.*

*Con data 23 de xuño de 2017, emitiuse un informe-proposta para a revisión de prezos no que se ten detectado un erro que afecta tanto ao período de aplicación como ao importe da revisión. Para a corrección do dito erro se emite o presente informe, de xeito que, onde di que o período de aplicación da revisión de prezos é de 10 meses, debe dicir <u>9 meses</u> (de febreiro a outubro) e, onde di que, o importe da revisión é de 5.637,50 €, debe dicir, <u>5.073,75 €</u>.*

*FUNDAMENTOS DE DEREITO*
*Polo que se refire ao réxime xurídico aplicable á revisión do prezo deste contrato, debe sinalarse que, a normativa reguladora da materia, contida no capítulo II do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público foi obxecto de modificación pola Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española, a cal restrinxe a revisión de prezos nos contratos públicos, exclusivamente, para os contratos de obra e de subministro de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas así como aqueles contratos cuxo período de recuperación das inversións sexa igual ou superior a cinco anos (...)"*

*Non obstante o anterior, a Disposición Transitoria (D.Tª) desta norma establece que, aqueles contratos cuxo expediente se tivera iniciado antes da entrada en vigor do real decreto ao que se refire o artigo 4 da lei, "será o establecido nos pregos. A estes efectos, se entenderá que os expedientes de contratación foron iniciados si se houbera publicado a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato..."*

*A normativa de desenvolvemento da Lei 2/2015 está integrada polo Real Decreto 55/2017, de 3 de febreiro, con entrada en vigor o 5 de febreiro, polo tanto, dado que, tanto a publicación da convocatoria, como a adxudicación do contrato, se produciron con anterioridade á entrada en vigor do citado real decreto, e atendendo ao disposto na dita D.Tª se aplicará o réxime de revisión de prezos previsto nos pregos.*

*O prego de condicións administrativas establece na cláusula 29 que, "Os prezos da presente contratación poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 3.J da FEC (follas de cláusulas administrativas), conforme a fórmula ou sistema de revisión indicado no citado apartado. A súa aplicación aterase ó previsto nos artigos 77 ó 82 da LCSP"*

*O apartado 3.J das Follas de Características do Contrato (FEC) dispón:*

> *"PROCEDE REVISIÓN DE PREZOS: Si. Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de adxudicación do contrato e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade."*

*O prazo de presentación de ofertas finalizou o 11/10/2011 e o contrato se adxudicou o 29/06/2012, é dicir, con posterioridade á finalización do prazo de tres meses, polo que, a variación do IPC nacional a ter en conta deberá ser a que medie entre a data de revisión e a data na que termine o dito prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas.*

*En definitiva, o prazo de presentación de ofertas rematou o 11/10/2011, e a variación do IPC nacional corresponde ao período comprendido entre o 11/01/2012 (transcorrido o prazo de 3 meses para a adxudicación do contrato) e o 11/01/2017 (data de revisión)*

*Por outra banda, o INE certifica que, no período comprendido entre o mes de xaneiro de 2012, e o mes de xaneiro de 2017 (data de revisión), o incremento relativo é do 4,2%.*

*Deste xeito, o incremento do prezo do contrato supón a cantidade de 6.765,00 € e se aplicará ao período comprendido entre os meses de febreiro de 2017 a febreiro de 2018, é dicir:*

- *Incremento de 3,57 % (85 % da variación de 4,2 do IPC) de 189.495,92 € = 6.765,00 €*

*Por outra banda, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de outubro de 2016 (expte. 3148/321) autorizouse a prórroga do contrato de UN ANO, para o período comprendido entre o 01-11-2016 ó 31-10-2017.*

*Na data de emisión do presente informe, se está a tramitar un novo contrato maior para a prestación do servizo de Información Telefónica 010, a través do expediente núm. 3574/321, de xeito que, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 1 de xuño de 2017, adoptou entre outros, os seguintes acordos: aprobar o expediente de contratación, así como os gastos do servizo dos presupostos correspondentes aos anos 2017 a 2021 e abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.*

*Polas razóns expostas, o concelleiro do servizo de Participación Cidadá, a proposta do xefe do servizo, solicitou a anulación da Retención de Crédito consignada para facer fronte ao gasto da segunda prórroga do contrato, a cal non se ten previsto facer efectiva. Deste xeito, o dito período da segunda prórroga, é dicir, aquel que media entre os meses de novembro de 2017 e febreiro de 2018, debe ser excluído aos efectos do cálculo do importe que se aplicará á revisión de prezos.*

*En conclusión, tendo en conta que, o importe de 6.765,00 € da revisión corresponde ao período de febreiro de 2017 a febreiro de 2018, a cantidade resultante a aplicar á revisión de prezos, excluídos os meses de novembro e decembro/2017 e xaneiro/2018, será a de*

*5.073,75 € (6.765,00 € / 12 meses = 563,75 €/mes x 9 meses de febreiro a outubro de 2017 = 5.073,75 €)*

*Polo anteriormente exposto, examinada a solicitude de revisión de prezos do contrato formulada por Grupo Norte Agrupación Empresarial de Servicios S.L., co CIF: B47518840, a través do documento núm. 160167186 (13/12/2016), e de conformidade co disposto no capítulo II do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, Disposición Transitoria Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española, na cláusula 29 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do Contrato e o apartado 3.J da FEC (follas de cláusulas administrativas), e conforme a fórmula ou sistema de revisión indicado no citado apartado proponse a adopción do seguinte*

*ACORDO:*

*PRIMEIRO: Aprobar a revisión de prezos do servizo de Información Cidadá Teléfono 010 segundo establece o prego de cláusulas administrativas, no seu punto 29, por un importe total de 5.073,75 €, que corresponde ao período comprendido entre os meses de febreiro a outubro de 2017, con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279900 "Teleoperadoras, 010 e envío de mensaxes" do presuposto corrente.*

*SEGUNDO: Desestimar a solicitude de Grupo Norte Agrupación Empresarial de Servicios S.L., (B47518840) relativa á revisión de prezos do contrato na variación do 0,6 % do IPC correspondente ao mes de outubro de 2016, xa que a fórmula empregada para a revisión non se axusta ao disposto no prego do contrato.*

*TERCEIRO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(884.- APROBACIÓN DAS BASES REITORAS DO FONDO PARA FINS CULTURAIS E DEPORTIVOS, O MODELO NORMALIZADO DE SOLICITUDE E A CONVOCATORIA DAS AXUDAS PARA FINS CULTURAIS E DEPORTIVOS PARA O EXERCICIO 2017. EXPTE. 30309/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8/08/17, dáse conta do informe-proposta do 12/07/17, asinado pola técnica de

Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

*1.- En data 03/07/2017, o Secretario da Comisión Xestora do Fondo para fins Culturais e Deportivos, remite a Area de Recursos Humanos e Formacion, copia da acta da sesion celebrada o 19/06/2016, na que dita Comisión acordou a aprobacion das "Bases reitoras das axudas para fins culturais e deportivos), solicitando a sua tramitacion por parte desta Area. Achega asi mesmo copia do texto literal das mesmas asi como modelo normalizado de solicitude e convocatoria para o exercicio 2017.*

*2.- O art. 34 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, contempla que o Concello colaborará en todo tipo de iniciativas ou accións do seu persoal de carácter cultural ou deportivo, polo que para tal fin contemplará nos seus presupostos anuais a cantidade de 6.010,12 €.*

*Verificado, por tanto, o axuste das bases propostas pola Comisión Xestora do Fondo para fins Culturais e Deportivos ao establecido no art. 34 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, e previo infome da Intervención Xeral, propónse ao órgano municipal , a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*"Primeiro.- Prestar conformidade á proposta formulada pola Comisión Xestora do Fondo para fins Culturais e Deportivos, de data 03/07/2017, en consecuencia, aprobar as Bases reitoras do Fondo para fins Culturais e Deportivos, o modelo normalizado de solicitude e a convocatoria das axudas para fins culturais e deportivos para o exercicio 2017 que figuran no Anexo I desta proposta, segundo o disposto no art. 34 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo. O importe máximo destinado a ditas axudas será de 6010.12€ , con cargo a aplicación orzamentaria 92001620400 "Actividades Culturais e Deportivas" do orzamento aprobado para o ano 2017.*

*Segundo.- Notificar o seguinte acordo á Sr. Presidente da Comisión Xestora do Fondo para fins Culturais e Deportivos e Comité de Persoal.*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REITORAS DAS AXUDAS PARA FINS CULTURAIS E DEPORTIVOS (ART. 34 DO VIXENTE ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS ECONÓMICAS E SOCIAIS DOS TRABALLADORES AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO).

- FINALIDADE DAS AXUDAS PARA FINS CULTURAIS E DEPORTIVOS

A finalidade das axudas é desenvolvemento de actividades de carácter deportivo e/ou cultural para o conxunto do persoal municipal, dacordo co art. 34 do vixente Acordo Regulador das condicions económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

- CONDICIÓNS XERAIS

As axudas comprenderán todo tipo de iniciativas ou accións de carácter cultural ou deportivo, levados a cabo individualmente ou por colectivos, sempre en representación do Concello de Vigo e recoñecizas polo mesmo.

A convocatoria será difundida entre o persoal municipal para coñecemento, mediante a inserción de anuncios nos taboleiros municipais e na intranet do Concello.

- BENEFICIARIOS DAS AXUDAS PARA FINS CULTURAIS E DEPORTIVIS

Poderán solicitar axudas con cargo aos programas contemplados no art. 34 do Acordo Regulador o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentaria e o persoal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme.

O persoal referido no parágrafo anterior deberá estar en situación de activo ou en excedencia por coidado de fillos/as, no prazo de presentación das solicitudes e reunir os requisitos esixidos polo programa.

- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días dende a apertura da convocatoria, que será acordada pola Comisión Xestora das axudas para fins deportivos e culturais .

- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

a) As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado que se aprobará conxuntamente coas bases.

- Xunto coa solicitude, achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria e entregarase na sede física da Comisión Xestora das axudas para fins deportivos e culturais (comité de persoal 5º andar). Esta acusará recibo formal da mesma e entregarase a/ao solicitante.
- Documentación :

–Impreso de solicitude das Axudas para Fins culturais e deportivos.

–Fotocopia cotexada da factura ou orixinais (non se aceptan recibos), do concepto que motiva a axuda, con data de expedición dende o 01-10-2016 ata o 30-09-2017, no que debe constar o aboamento da mesma.

–Acreditación do tipo de actividade cultural ou deportiva e de que son desenvoltas en representación do Concello de Vigo.

–No caso de colectivos, sinalar representante e nome dos membros que o compoñen asi como máximo dous suplentes. No caso dos equipos de deportes individuais relacionaranse todos os componemtes do mesmo.

–Certificacion bancaria da conta na que se realizara o aboamento, a nome do solicitante o representante do colectivo.

–Outras que se consideren imprescindibles para xustificar a axuda.

• A ocultación de datos, a falsidade na documentación achegada ou a omisión da requerida, darán lugar á denegación da axuda solicitada ou á perda da concedida, coa devolución, neste último caso, das cantidades indebidamente percibidas, con independencia das responsabilidades a que tivese lugar. En calquera dos casos, non se poderá acceder a ningún tipo de axuda durante o tempo que determine a Comisión das Axudas para fins culturias e deportivos, atendendo á gravidade dos feitos, cun mínimo de cinco anos e un máximo de dez.

4.- PROCEDEMENTO E RESOLUCIÓN.

a) Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión Xestora das axudas para fins deportivos e culturais, contabilizará o número de solicitudes procedendo ao seu estudo e cualificacion e formulará a listaxe de admitidos e excluídos, con indicación neste último caso da/s causa/s de exclusión.

Para comprobar a veracidade dos documentos achegados, a Comisión Xestora das axudas para fins deportivos e culturais poderá requerir a calquera solicitante para que presente a certificación que considere oportunas.

A Comisión Xestora das axudas para fins deportivos e culturais publicará nos taboleiros do Conecllo e na intranet a admisión ou exclusión dos solicitantes.

Os interesados poderán formular as reclamacións que sexan procedentes no prazo de 10 días naturais dende a publicación do listado de admitidos e excluídos.

b) Unha vez rematado o prazo e resoltas as posibles reclamacions, a Comisión Xestora das axudas para fins deportivos e culturais determinará a contía da axuda as conceder a cada unha da solicitudes recibidas. O importe do crédito destinado as axudas dividirase entre o número total de participantes nas actividades culturais e deportivas, de xeito que o importe global das solicitudes aprobadas non supere o importe establecido para esta axuda.

O Presidente da Comisión Xestora das axudas para fins deportivos e culturais remitirá proposta debidamente motivada e xustificada a Area de de Recursos Humanos e Formacion, aos efectos de imputación orzamentaria e contable, previos á preceptiva fiscalización do gasto, necesaria para a aprobación polo órgano municipal competente

O prazo máximo para resolver as solicitudes será dun mes, a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das instancias.

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA FINS CULTURAIS E DEPORTIVOS ANO 2017

Dacordo as Bases reitoras das axudas para fins culturais e deportivos (art. 34 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do concello de vigo), aprobadas pola Xunta de Goberno Local en **data** (Expediente ), ábrese o prazo para a presentación de solicitudes de axudas para Fins Culturais e Deportivos .

Crédito Orzamentario:

92001620400 Actividades Culturais e Deportivas Importe 6010.12 €

Prazo:

Inicio: Fin: (30 dias )

Lugar de Presentacion:

Comisión Xestora das axudas para fins deportivos e culturais (comité de persoal 5º andar)

Documentacion requerida:

Impreso de solicitude das Axudas para Fins culturais e deportivos, que se atopa adisposicion dos empregados municipais nas instalacions do Comité de Persoal (5º andar)

- Fotocopia cotexada da factura ou orixinais (non se aceptan recibos), do concepto que motiva a axuda, con data de expedición dende o 01-10-2016 ata o 30-09-2017, no que debe constar o aboamento da mesma.
- Acreditación do tipo de actividade cultural ou deportiva e de que son desenvoltas en representación do Concello de Vigo.
- No caso de colectivos, sinalar representante e nome dos membros que o compoñen asi como máximo dous suplentes. No caso dos equipos de deportes individuais relacionaranse todos os componentes do mesmo.
- Certificacion bancaria da conta na que se realizara o aboamento, a nome do solicitante o representante do colectivo.
-

COMISION DE CULTURA E DEPORTES

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nome | | Nº Persoal | D.N.I |
| Enderezo | Teléfono | | Dependencia e extensión |

SOLICITA

| |
|---|
| |
| |
| |
| |
| |
| |
| |
| |
| |
| |
| |
| |
| |
| |
| |
| |

S.ord. 31.08.17

| |
|---|
| |
| |
| |

DATOS A CUBRIR POLA COMISIÓN

Nº Rexistro

Grupo

Vigo, de de 20
A/O solicitante

**11(885).- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIA DE CARREIRA DUNHA TÉCNICA MEDIA DE ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, CON CARGO Á PRAZA VACANTE DA OEP 2013. EXPTE. 30484/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23/08/17, dáse conta do informe-proposta de data 21/08/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes:

O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para provistar en propiedade unha praza de Técnico/a medio/a de actividades culturais e educativas en réxime funcionarial e incluídas no subgrupo A2 de titulación, pola quenda de promoción interna, vacante no Cadro de Persoal Municipal e incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2013, na súa sesión de 12 de xullo de 2017, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento da seguinte aspirante, que superou todos os exercicios do concurso-oposición coa seguinte puntuación:

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 4 | NUÑEZ ABOY | MARTA | *****380K | 23,687 |

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 11/08/2017.

A aspirante proposta presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime

Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de datas 19/06/2015 e 30/12/2016 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO: Nomear funcionaria de carreira con cargo ás praza convocada de Técnico Medio de Actividades Culturais e Educativas, pola quenda de promoción interna, á seguinte aspirante proposta polo Órgano de Selección, que superou todos os exercicios do concurso-oposición e que acadou a seguinte puntuación total:

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 4 | NUÑEZ ABOY | MARTA | *****380K | 23,687 |

De conformidade co previsto na Base Décimo sexta das Xerais da convocatoria, o presente nomeamento unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionaria de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

SEGUNDO.: Notificar o presente acordo á interesada, á Intervención Xeral, ao Servizo de Cultura, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, así coma ao Comité de Persoal e aos xefes/as dos Servizos aos que se adscriban as prazas, aos efectos oportunos.

TERCEIRO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.".

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(886).- CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL FIXO CON CARGO A UNHA PRAZA CONVOCADA DE OFICIAL XARDINEIRO DA OEP 2013, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA. EXPTE. 30485/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23/08/17, dáse conta do informe-proposta de data 21/08/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes:

O Órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas do proceso convocado para a provisión de unha praza de oficial xardineiro, pola quenda de promoción interna, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2013, en réxime laboral e equiparada ao subgrupo C2 de titulación, na súa sesión de data 07/07/2017, acordou propoñer ao órgano competente a contratación como empregado público laboral fixo, con cargo á praza vacante de oficial xardineiro, a D. ADRIÁN MARTÍNEZ PÉREZ, con DNI *****617-G, por ser o único aspirante que superou todos os exercicios do concurso-oposición, pola quenda de promoción interna, e que acadou unha puntuación total de 20,53 puntos.

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 11/08/2017.

O aspirante proposto presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

De conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de datas 19/06/2015 e 30/12/2016 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO: Contratar como empregado público municipal en réxime laboral fixo, con cargo á praza convocada de oficial xardineiro, pola quenda de promoción interna, a D. ADRIÁN MARTÍNEZ PÉREZ, con DNI *****617-G, que foi proposto polo Órgano de Selección, por ser o único aspirante que superou todos os exercicios do concurso-oposición e que acadou unha puntuación total de 20,53 puntos.

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo terceira do *apartado B) Persoal laboral*, a presente contratación unicamente terá efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberá asinar o aspirante proposto no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao interesado, á Intervención Xeral, ao Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

TERCEIRO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social.”.

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(887).- CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL FIXO CON CARGO A UNHA PRAZA CONVOCADA DE OFICIAL CARPINTEIRO DA OEP 2013, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA. EXPTE. 30488/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24/08/17, dáse conta do informe-proposta de data 21/08/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes:

O Órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas do proceso convocado para a provisión de unha praza de oficial carpinteiro/a, pola quenda de promoción interna, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2013, en réxime laboral e equiparada ao subgrupo C2 de titulación, na súa sesión de data 07/07/2017, acordou propoñer ao órgano competente a contratación como empregado público laboral fixo, con cargo á praza vacante de oficial carpinteiro, a D. IGNACIO ROMÁN LAGO, con DNI *****431-G, por ser o único aspirante que superou todos os exercicios do concurso-oposición, pola quenda de promoción interna, e que acadou unha puntuación total de 21,72 puntos.

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 07/07/2017.

O aspirante proposto presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

De conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de datas 19/06/2015 e 30/12/2016 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO: Contratar como empregado público municipal en réxime laboral fixo, con cargo á praza convocada de oficial carpinteiro, pola quenda de promoción interna, a D. IGNACIO ROMÁN LAGO, con DNI *****431-G, que foi proposto polo Órgano de Selección, por ser o único aspirante que superou todos os exercicios do concurso-oposición e que acadou unha puntuación total de 21,72 puntos.

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo terceira do *apartado B) Persoal laboral*, a presente contratación unicamente terá

efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberá asinar o aspirante proposto no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao interesado, á Intervención Xeral, ao Xefe de Área de Servizos Xerais, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

TERCEIRO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social.".

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(888).- CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL FIXO CON CARGO A UNHA PRAZA CONVOCADA DE OFICIAL ALMACENEIRO DA OEP 2013, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA. EXPTE. 30489/220.**
Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23/08/17, dáse conta do informe-proposta de data 21/08/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes:

O Órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas do proceso convocado para a provisión de unha praza de oficial almaceneiro/a, pola quenda de promoción interna, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2013, en réxime laboral e equiparada ao subgrupo C2 de titulación, na súa sesión de data 11/07/2017, acordou propoñer ao órgano competente a contratación como empregado público laboral fixo, con cargo á praza vacante de oficial almaceneiro/a, a Dª LUCÍA PORTOMEÑE CORREIA, con DNI *****860-X, por ter superado todos os exercicios de que constou o proceso selectivo, acadando a puntuación máxima cun total de 17,807 puntos.

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 27/07/2017.

A aspirante proposta presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

De conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as

competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de datas 19/06/2015 e 30/12/2016 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO: Contratar como empregada pública municipal en réxime laboral fixo, con cargo á praza convocada de oficial almaceneiro/a, pola quenda de promoción interna, a Dª LUCÍA PORTOMEÑE CORREIA, con DNI *****860-X, que foi proposta polo Órgano de Selección, por ter superado todos os exercicios de que constou o proceso selectivo, acadando a puntuación máxima cun total de 17,807 puntos.

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo terceira do *apartado B) Persoal laboral*, a presente contratación unicamente terá efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberá asinar a aspirante proposta no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao interesado, á Intervención Xeral, á Xefatura da Área de Servizos Xerais, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

TERCEIRO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social.”.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(889).- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DUN PROGRAMADOR INFORMÁTICO, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, CON CARGO Á PRAZA VACANTE DA OEP 2013. EXPTE. 30523/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23/08/17, dáse conta do informe-proposta de data 21/08/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes:

O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para provistar en propiedade unha praza de Programador/a Informático/a en réxime funcionarial e incluída no subgrupo C1 de titulación, pola quenda de promoción interna, vacante no Cadro de Persoal

Municipal e incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2013, na súa sesión de 04 de xullo de 2017, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento do seguinte aspirante, que superou todos os exercicios do concurso-oposición coa seguinte puntuación:

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 1 | ESPIÑEIRA ÁLVAREZ | FRANCISCO MANUEL | *****873-D | 16,44 |

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 07/07/2017.

O aspirante proposta presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de datas 19/06/2015 e 30/12/2016 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO: Nomear funcionario de carreira con cargo á praza convocada de PROGRAMADOR/A INFORMÁTICO/A, pola quenda de promoción interna, ó seguinte aspirante proposto polo Órgano de Selección, que superou todos os exercicios do concurso-oposición e que acadou a seguinte puntuación total:

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 1 | ESPIÑEIRA ÁLVAREZ | FRANCISCO MANUEL | *****873-D | 16,44 |

De conformidade co previsto na Base Décimo sexta das Xerais da convocatoria, o presente nomeamento unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionario de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

SEGUNDO.: Notificar o presente acordo ao interesado, á Intervención Xeral, á Administración electrónica, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, así coma ao Comité de Persoal e aos xefes/as dos Servizos aos que se adscriban as prazas, aos efectos oportunos.

TERCEIRO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición

Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.".

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(890).- DIRECTRICES PARA A ELABORACIÓN DO PLAN ANUAL NORMATIVO E AVALIACIÓN NORMATIVA POSTERIOR. EXPTE. 1464/110.**
Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 21/08/17, asinado polo secretario xeral do Pleno, que di o seguinte:

Lexislación aplicable.

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Antecedentes.

Ao obxecto de acadar unha maior predectibilidade, transparencia e seguridade das normas xurídicas o artigo 132 da LPAC obriga ao conxunto das Administracións Públicas a facer público con carácter anual un *Plan Normativo* que conterá as iniciativas regulamentarias que podan ser obxecto de aprobación no ano seguinte; o Plan publicarase no Portal da Transparencia.

A lexislación de réxime local non menciona o órgano municipal competente para a aprobación do *Plan Anual Normativo*; o feito de que corresponda ao Pleno a aprobación inicial e definitiva dos Regulamentos e das Ordenanzas municipais -artigo 122 LBRL- recomenda que sexa o órgano que ten atribuída a potestade regulamentaria, é dicir, o Pleno, quen aprobe o Plan previa proposta que neste sentido faga a Xunta de Goberno Local na súa condición de órgano competente para a aprobación de proxectos regulamentarios.

Ante o baleiro legal na instrumentación do Plan, pódese acudir -coas debidas adaptacións e simplificacións- ao procedemento previsto no R.D. 286/2017, de 24 de marzo, polo que se regula o Plan Normativo Anual e o informe de avaliación normativa na Administración do Estado.

Mediante Resolución do 27.02.2017 o concelleiro delegado de Xestión Municipal nomea ao secretario xeral do Pleno instrutor do expediente administrativo para a elaboración e aprobación do *Plan Anual Normativo* do Concello de Vigo, que levará consigo a instrución para o expediente de avaliación normativa.

En virtude do exposto <u>proponse á Xunta de Goberno Local a aprobación das seguintes</u>,

DIRECTRICES PARA A ELABORACIÓN NO CONCELLO DE VIGO DO PLAN ANUAL NORMATIVO E PARA A AVALIACIÓN NORMATIVA

PRIMEIRA. O Plan Anual Normativo do Concello de Vigo atópase constituído polas iniciativas regulamentarias que as distintas Concellerías delegadas de Área prevexan elevar cada ano natural ao Pleno para a súa aprobación. As iniciativas poden referirse á modificación puntual de Regulamentos ou Ordenanzas xa existentes.

SEGUNDA. O proxecto de Plan Anual Normativo será elaborado e coordinado pola Secretaría xeral do Pleno a partires da refundición das iniciativas remitidas polas distintas Concellerías delegadas.

TERCEIRA. As Concellerías delegadas remitirán á Secretaría xeral do Pleno antes do **15 de outubro** de cada ano as iniciativas regulamentarias que desexen incorporar ao Plan Anual Normativo utilizando o modelo de información que consta no *Anexo* a este acordo.

CUARTA. A Secretaría xeral do Pleno proporá a aprobación previa do proxecto de Plan Normativo á Xunta de Goberno Local con anterioridade ao 1 de novembro do ano anterior a súa vixencia; o proxecto será elevado ao Pleno para a súa aprobación na sesión ordinaria do mes de novembro e publicarase no BOP e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo en data anterior ao 31 de decembro.

QUINTA. Os concelleiros delegados poderán elevar ao Pleno para a súa aprobación propostas normativas que non figuren no Plan Anual xustificándoo na Memoria do Análise de Impacto Normativo de cada Regulamento.

SEXTA. Quedan excluídas do Plan Anual Normativo as Ordenanzas Fiscais e as súas modificacións, así como o Plan Xeral de Ordenación Municipal e as súas modificacións.

SÉTIMA. A Secretaría xeral do Pleno elaborará no primeiro trimestre de cada ano Informe Anual que reflectirá o grado de cumprimento do Plan Anual Normativo do ano anterior e as iniciativas adoptadas non incluídas inicialmente no Plan; o informe será elevado ao Pleno para o seu coñecemento e publicarase no Portal de Transparencia do Concello de Vigo.
As Concellerías delegadas remitirán antes do 31 de xaneiro á Secretaría xeral do Pleno as razóns xustificativas dos eventuais incumprimentos do Plan Anual Normativo do ano anterior.

OITAVA. No modelo mencionado no apartado Terceiro propoñerase a inclusión, ou non, de cada proxecto normativo entre os que deben ser obxecto de avaliación posterior. Serán obxecto de avaliación posterior aqueles proxectos que incidan ou sexan relevantes en relación cos seguintes criterios:
a) Custe ou aforro orzamentario significativo para a Administración municipal.
b) Incremento ou redución de cargas administrativas para os destinatarios da norma que sexa significativo polo volume de poboación afectada ou por incidir en sectores económicos ou sociais prioritarios.
c) Incidencia relevante sobre os dereitos e liberdades constitucionais.
d) Conflitividade previsible con outras Administracións Públicas.
e) Impacto sobre a economía municipal ou sobre sectores destacados da mesma.
f) Impacto relevante por razón de xénero.
g) Impacto relevante sobre a infancia e adolescencia ou sobre a familia.

NOVENA. No suposto de avaliación posterior a Memoria do Análise de Impacto Normativo que conste no Regulamento determinará os términos e prazos previstos para levala a cabo; analizarase en todo caso:

a) A eficacia da norma, entendendo por tal a medida na que ten conseguido os fins pretendidos.

b) A eficiencia da norma, identificando as cargas administrativas que poderían non ter sido necesarias ou telo sido en menor grao.

c) A sustentabilidade da disposición, considerando os efectos da norma non previstos directamente por ela que poidan chegar a comprometer a súa viabilidade futura.

d) Os resultados da aplicación da norma, en función do criterio polo que foi sometida a avaliación.

DÉCIMA. O análise de avaliación normativa dos Regulamentos seleccionados para a súa avaliación *«ex post»* realizarase por cada Concellería delegada mediante informe no que se recollerá os resultados dos procesos de avaliación normativa que se teñan levado a cabo no ano precedente.

Os informes remitiranse á Secretaría xeral do Pleno antes do 31 de xaneiro; recibidos os informes a Secretaría do Pleno emitirá informe no que se incluirán as conclusións do análise da aplicación dos Regulamentos mencionados no apartado Oitavo. O informe poderá conter recomendacións específicas de modificación e, no seu caso, derrogación das normas avaliadas cando así o aconsellase o resultado do análise. O informe será elevado á Xunta de Goberno Local.

UNDÉCIMA. Notificar individualmente o presente acordo aos concelleiros delegados de Área e á totalidade das Xefaturas de Área e de Servizo nos que se estrutura a Administración municipal.

DOUDÉCIMA. Proceder á publicación do presente acordo na Intranet municipal.

ANEXO

Modelo de documento de información das iniciativas regulamentarias para a súa inclusión no Plan Anual Normativo do Concello de Vigo.

| |
|---|
| TÍTULO DA INICIATIVA REGULAMENTARIA: |

| |
|---|
| CONCELLERÍA DELEGADA PROPOÑENTE: ________________________________<br>___________________________________________________________________ |

| |
|---|
| XUSTIFICACIÓN: INICIATIVA PROPIA ☐ OUTROS ☐<br><br>OBXECTIVO XERAL DA NORMA:<br>______________________________________________<br>______________________________________________<br>______________________________________________<br>______________________________________________<br>______________________________________________ |

| |
|---|
| DERROGACIÓN NORMATIVA: (Indicar normas ou preceptos a derrogar) |
| NECESIDADE DE AVALIACIÓN: ☐ Si ☐ Non<br>Xustificación: ______________________________________________<br>______________________________________________<br>______________________________________________ |

| |
|---|
| TRAMITACIÓN: |

| | DATA PREVISTA |
|---|---|
| -CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á REDACIÓN DO TEXTO (art. 133.1 Lei 39/2015) | ☐ ______________- |
| -PUBLICACIÓN DO TEXTO NO PORTAL WEB DO CONCELLO[1] | ☐ ______________- |
| -OUTROS INFORMES/TRÁMITES (ESPECIFICAR) | ☐ ______________- |
| -INFORME PROPOSTA | ☐ ______________- |
| -INFORME SECRET. XERAL DO PLENO | ☐ ______________- |
| -INFORME DE INTERVENCIÓN | ☐ ______________- |
| -APROBACIÓN PROXECTO XUNTA GOBERNO LOCAL | ☐ ______________- |
| -APOROBACIÓN INICIAL PLENO | ☐ ______________- |
| -AUDIENCIA E INFORMACIÓN PÚBLICA | ☐ ______________- |

1 Procederase á publicación cando a norma afecta aos dereitos e intereses lexítimos das persoas, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e recabar achegas adicionais de persoas ou entidades.

DATA ESTIMADA DE APROBACIÓN DEFINITVA POLO PLENO:

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(891).- PRÉSTAMO DAS PEZAS ARQUEOLÓXICAS QUE COMPOÑEN A ENXOVAL DA CISTA DE ATIOS AO MUSEO NACIONAL DE ARQUEOLOXÍA, PARA A EXPOSICIÓN "EL PODER DEL PASADO. 150 AÑOS DE ARQUEOLOGÍA EN ESPAÑA". EXPTE. 5948/337.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 11/08/17, asinado pola técnica de Recursos e Programas, o xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o secretario de Admón. Municipal, e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

Con data de xaneiro de 2017 recíbese no Museo municipal "Quiñones de León" escrito do Director do Museo Arqueolóxico Nacional, no que se informa da organización para o ano 2017 da exposición: **"El poder del pasado. 150 años de arqueología en España"** que se celebrará na Sala de Exposicións temporais do propio museo MAN entre o 2 de outubro de 2017 e o 1 de abril de 2018.

Nesta exposición o Museo Arqueolóxico Nacional reunirá os 150 bes culturais que o equipo organizador da mostra ven de considerar máis significativos da historia da nosa arqueoloxía. O MAN celebra, así, o 150 aniversario da súa creación coa publicación, en 1867, do Decreto que o regula.

Para esta exposición a selección do equipo organizador inclúe un conxunto de pezas arqueolóxicas que conforman o Enxoval da Cista de Atios, procedente de Atios en O Porriño e datado na idade de bronce (1800 a.C) Este tipo de enxovais atopábanse nos enterramentos, nesta etapa individuais, en pequenas caixas de pedra chamadas cistas e incluían valiosas pezas de metal como armas de bronce e adornos personais en ouro e prata e que falan dunha nova orde social.

O conxunto do enxoval da cista de Atios, solicitada en préstamo temporal polo Museo Nacional de Arqueoloxía, componse das seguintes pezas:

- **Nº Inv.**: 2640
- **Obxecto:** Puñal de espigo
- **Material/Técnica**: Bronce fundido/martelado
- **Dimensións**: 143 mm x 37mm x 3mm
- **Data:** 1800- 1500 a.C.
- **Valor a efecto de seguro**: 1.200 euros

- **Nº Inv.**: 2641

- **Obxecto:** Espada
- **Material/Técnica**: Bronce fundido martelado
- **Dimensións**: 310mm x 67mm x 3mm
- **Data:** 1800- 1500 a.C.
- **Valor a efecto de seguro**: 500 euros

- **Nº Inv.**: 1968
- **Obxecto:** anel
- **Material/Técnica**: Ouro fundido/laminado/moldeado
- **Dimensións**: 20 mm x 22mm x 5mm
- **Data:** 1800- 600 a.C.
- **Valor a efecto de seguro**: 3.000 euros

- **Nº Inv.**: 2638
- **Obxecto:** anel
- **Material/Técnica**: Ouro fundido/laminado/moldeado
- **Dimensións**: 20 mm x 24mm x 5mm
- **Data:** 1800- 600 a.C.
- **Valor a efecto de seguro**: 3.000 euros

- **Nº Inv.**: 2639
- **Obxecto:** anel
- **Material/Técnica**: Prata fundida/laminada/moldeada
- **Dimensións**: 16 mm x 23mm x 2mm
- **Data:** 1800- 600 a.C.
- **Valor a efecto de seguro**: 1.800 euros

Achego ao escrito inclúese o formulario de préstamo así como o relatorio de condicións técnicas para exposicións do Museo Nacional de Arqueoloxía.

Estudado o *Facility Report* que establece as condicións climáticas, de iluminación e seguridade da sala onde terá lugar a exposición para a que se solicita o material arqueolóxico, enténdese que ésta contempla todas as condicións que se consideran suficientes para proceder ao préstamo.

**DISPOSICIÓNS LEGAIS.**
Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local
Regulamento de Bens das Entidades Locais.

RD 1372/1986, de 13 de xuño, de Regulamento de Bens das Entidades Locais.

O museo municipal “Quiñones de León” de Vigo foi declarado monumento histórico-artístico mediante decreto 474/1962 de 1 de marzo; e conseguintemente, coas súas coleccións, contan coa declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) mediante Resolucións de 10 e 19 de abril de 1991 da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Xunta de Galicia.

Segundo establece o artigo 64.1 da Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia -DOG núm 92, de 16 de maio de 2016- “ O traslado de bens mobles declarados de interese cultural (BIC) deberá ser autorizado pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e anotado no Rexistro de Bens de Interese Cultural. Indicarase a súa orixe e destino, o carácter temporal ou definitivo do traslado e as condicións de conservación, seguridade, transporte e, no seu caso, aseguramento”.

Vistos os antecedentes e dado o interese cultural da exposición así como a oportunidade para a divulgación do patrimonio artístico da colección de arqueoloxía do Museo municipal “Quiñones de León”, a dirección deste museo propón á **Xunta de Goberno Local:**

**1.-** “Autorizar o préstamo temporal do conxunto do enxoval da cista de Atios, que se compón das seguintes pezas arqueolóxicas:

- **Nº Inv.**: 2640
- **Obxecto:** Puñal de espigo
- **Material/Técnica**: Bronce fundido/martelado
- **Dimensións**: 143 mm x 37mm x 3mm
- **Data:** 1800- 1500 a.C.
- **Valor a efecto de seguro**: 1.200 euros

- **Nº Inv.**: 2641
- **Obxecto:** Espada
- **Material/Técnica**: Bronce fundido martelado
- **Dimensións**: 310mm x 67mm x 3mm
- **Data:** 1800- 1500 a.C.
- **Valor a efecto de seguro**: 500 euros

- **Nº Inv.**: 1968
- **Obxecto:** anel
- **Material/Técnica**: Ouro fundido/laminado/moldeado
- **Dimensións**: 20 mm x 22mm x 5mm
- **Data:** 1800- 600 a.C.
- **Valor a efecto de seguro**: 3.000 euros

- **Nº Inv.**: 2638
- **Obxecto:** anel
- **Material/Técnica**: Ouro fundido/laminado/moldeado
- **Dimensións**: 20 mm x 24mm x 5mm
- **Data:** 1800- 600 a.C.
- **Valor a efecto de seguro**: 3.000 euros

- **Nº Inv.**: 2639
- **Obxecto:** anel
- **Material/Técnica**: Prata fundida/laminada/moldeada
- **Dimensións**: 16 mm x 23mm x 2mm
- **Data:** 1800- 600 a.C.
- **Valor a efecto de seguro**: 1.800 euros

ao Museo Nacional de Arqueoloxía, organizador da exposición: **“El poder del pasado. 150 años de arqueología en España”** que se celebrará na Sala de Exposicións temporais do propio museo MAN entre o 2 de outubro de 2017 e o 1 de abril de 2018, segundo as condicións xerais que se achegan ao expediente.

**2.-** “En todo caso, o préstamo queda condicionado á aceptación, por parte do Museo Nacional de Arqueoloxía, como promotor da exposición, das condicións xerais de préstamo que se achegan ao expediente, así como á resolución favorable da saída do material arqueolóxico por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.”

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(892).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA DO SERVIZO DE CULTURA E BIBLIOTECAS NO AUDITORIO MUNICIPAL DO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2017. EXPTE. 15667/331**.

Visto o informe de fiscalización do 14/08/17, dáse conta do informe-proposta de data 9/08/17, asinado pola xefa da Oficina Administrativa de Programación Cultural, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, e o concelleiro de Cultura, que di o seguinte:

INFORME

O concelleiro-delegado da área de Cultura resolveu con data 1 de agosto de 2017 que polo servizo de Cultura e Bibliotecas se inicie o expediente necesario para a fixación de prezos de venda de entradas da programación do servizo de Cultura e Bibliotecas no Auditorio Municipal no segundo semestre do ano 2017, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42.

Xa que o custo de organización desta programación é extraordinario, tal e como establece a citada ordenanza reguladora de prezos públicos, increméntanse as tarifas relacionadas nesta ordenanza en contía que non superará o custo calculado en base á ocupación total das localidades.

A programación que se presenta no segundo semestre do ano 2017 consta dun total de quince espectáculos, divididos en programación dirixida a público adulto (a realizar os venres) e programación dirixida a público familiar (a realizar os domingos).

A programación consta de 21 funcións. O importe total dos cachés é de 64.719,32 € (cachés desglosados na seguinte táboa); a este importe habería que engadirlle os gastos de produción técnica da programación (aprox. 8.000,00 €), o coste do servizo de venda de entradas (aprox. 8.000 €), o gasto en dereitos de autor (aprox. 3.000 €) e o importe do material gráfico de difusión da programación (2.364,70 €). . O custe total da programación serían uns **87.052,03 €** (redondeando en base aos costes de anos anteriores), dividido entre o número total máximo de espectadores posibles 5.535 (aforos desglosados na seguinte táboa), sería un prezo máximo por función de **15,73 €**, polo que, en base á citada ordenanza, o prezo máximo de cada entrada non podería superar este prezo.

Debido a que a programación é concebida como un todo, e que os prezos públicos deben ser máis ou menos homoxéneos para a maioría dos espectáculos, establécense tres prezos para os espectáculos dirixidos a público adulto, de 5 e 8 e 10 €, en base a criterios artísticos e de marketing; e un prezo para os espectáculos dirixidos a público familiar, de 5 €, baseándonos nos mesmos criterios.

Así pois, e en base aos criterios fixados polo servizo de Cultura e Bibliotecas da Área de Cultura, propóñense os seguintes prezos de venda de entradas para cada espectáculo:

| DATA | HORA | COMPAÑÍA | CACHÉ | AFORO | PREZO PRO-POSTO |
|---|---|---|---|---|---|
| 05/10 | 21 | YLLANA | 5.772,21 € | 285 | 10 € |
| 06/10 | 21 | YLLANA | 5.772,21 € | 285 | 10 € |
| 13/10 | 21 | COMPANHIA DO CHAPITÔ | 4.799,20 € | 285 | 8 € |
| 20/10 | 21 | A PANADARÍA | 1.888,00 € | 285 | 8 € |
| 21/10 | 21 | A PANADARÍA | 1.888,00 € | 285 | 8 € |
| 27/10 | 21 | CIRCLE OF TRUST | 4.743,20 € | 285 | 5 € |
| 03/11 | 21 | SARABELA TEATRO | 4.900,00 € | 285 | 8 € |
| 05/11 | 18 | L'ESTAQUIROT TEATRE | 2.420,00 € | 285 | 5 € |
| 10/11 | 21 | VATAPÁ QUINTETO | 1.150,00 € | 285 | 5 € |
| 12/11 | 18 | BAOBAB TEATRO | 1.990,00 € | 285 | 5 € |
| 17/11 | 21 | PISTACATRO | 2.750,00 € | 285 | 5 € |
| 19/11 | 18 | TRESPERTÉ | 4.356,00 € | 285 | 5 € |
| 24/11 | 21 | TEATRO DO ATLÁNTICO | 1.800,00 € | 285 | 8 € |
| 26/11 | 12 Y 18 | CARAMUXO TEATRO | 1.100,00 € | 60 | 5 € |
| 03/12 | 12 y 18 | ARACALADANZA | 13.280,00 € | 285 | 5 € |
| 10/12 | 12 Y 18 | EMEDOUS | 3.327,50 € | 285 | 5 € |
| 17/12 | 12 Y 18 | A GRAMOLA GOMINOLA | 2.783,00 € | 285 | 5 € |
| **TOTAL** | | | **64.719,32 €** | **5.535** | **11 € MAX.** |

Os prezos propostos non superarían o custo calculado en base ao coste total do programa entre a ocupación total das localidades, segundo establece a ordenanza nº 42 reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos no seu artigo 3.1

Dacordo co artigo 3.1 da citada ordenanza se establecerán abonos pola compra de 5 espectáculos no que se aplicará un 15 % de desconto sobre o prezo total de compra e de 10 espectáculos, no que se aplicará un 25% de desconto, non sobrepasando en ningún dos casos o 30 % que establece a ordenanza.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través da web de ticketea, no teléfono 902044226, na Central de Espectáculos e o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora

antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (sempre que houbese entradas disponibles).

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

*Que se autoricen os prezos de venda de entradas da programación Vigocultura no Auditorio Municipal no primeiro semestre do ano 2017, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42, segundo o seguinte detalle:*

| DATA | HORA | COMPAÑÍA | PREZO PROPOSTO |
|---|---|---|---|
| 05/10 | 21 | YLLANA | 10 € |
| 06/10 | 21 | YLLANA | 10 € |
| 13/10 | 21 | COMPANHIA DO CHAPITÔ | 8 € |
| 20/10 | 21 | A PANADARÍA | 8 € |
| 21/10 | 21 | A PANADARÍA | 8 € |
| 27/10 | 21 | CIRCLE OF TRUST | 5 € |
| 03/11 | 21 | SARABELA TEATRO | 8 € |
| 05/11 | 18 | L'ESTAQUIROT TEATRE | 5 € |
| 10/11 | 21 | VATAPÁ QUINTETO | 5 € |
| 12/11 | 18 | BAOBAB TEATRO | 5 € |
| 17/11 | 21 | PISTACATRO | 5 € |
| 19/11 | 18 | TRESPERTÉ | 5 € |
| 24/11 | 21 | TEATRO DO ATLÁNTICO | 8 € |
| 26/11 | 12 Y 18 | CARAMUXO TEATRO | 5 € |
| 03/12 | 12 y 18 | ARACALADANZA | 5 € |
| 10/12 | 12 Y 18 | EMEDOUS | 5 € |
| 17/12 | 12 Y 18 | A GRAMOLA GOMINOLA | 5 € |

*Se establecen dous tipos de abonos á carta pola compra de 5 espectáculos no que se aplicará un 15 % de desconto sobre o prezo total de compra e de 10 espectáculos, no que se aplicará un 25% de desconto.*

*As entradas serán postas á venda anticipadamente a través da web de ticketea, no teléfono 902044226, na Central de Espectáculos e o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (sempre que houbese entradas disponibles).*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(893).- AGRUPACIÓN E SEGREGACIÓN DAS PARCELAS Nº 19 E Nº 21 DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS-ZAMÁNS. EXPTE. 5194/401.**

Dáse conta do informe-proposta de data do 1/08/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral, conformado polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES E FEITOS**

**I.1.-** Dende a oficina de obras e proxectos municipais desta Xerencia municipal de urbanismo (en diante XMU) solicítase deste servizo a emisión do correspondente informe-proposta verbo da posibilidade da agrupación e segregación das parcelas municipais amentadas no asunto, co obxecto da construción dun polideportivo en Marcosende- Zamáns, para o que se achega informe subscrito polos arquitectos municipais en data 28.06.2017 e Proxecto básico para a construción dun polideportivo en Marcosende- Zamáns, subscrito polo arquitecto Javier Penas Liñan, en data maio de 2017.

**I.2.-** Mediante dilixencia do Xerente de urbanismo de data 28.06.2017, solicitouse do departamento de patrimonio municipal informe sobre a posibilidade de agrupación e segregación das parcelas que nos ocupan, superficie e lindeiros das parcelas resultantes da correspondente operación que resulte.

**I.3.-** Neste senso en data 01.08.2017 o topógrafo municipal, Xefe de cartografía, emite informe ao presente expediente, co contido que de seguido se expoñerá.

**I.4.-** Incorpórase ao presente expediente, o informe subscrito pola arquitecta xefa de planeamento e xestión en data 31.07.2017 verbo da clasificación urbanística das parcelas afectadas, co seguinte teor literal,

*"(...) Trátase dunhas parcela situadas no núcleo de Cidáns, na estrada de Zamáns, en Vigo.*
*No vixente P.X.O.U. aprobado definitivamente o 29 de abril de 1993, a parcela atópase* ***clasificada como solo de NÚCLEO RURAL. Dentro do núcleo 19 02 C CIDANS*** *(parroquia de Zamáns), núcleo rural existente tradicional. A parcela ten como* ***ordenanzas de aplicación 3.1.-3.2-3.3.*** *Puidéndose aplicar unha ou outra indistintamente, dependendo do uso.*

*Estas ordenanzas son as relativas a: Zonas verdes e libres, Zonas deportivas e Zonas culturais.*




*Recorte das follas 21-2 21-3 do plano de Clasificación e Cualificación do PXOU 1993 coa parcela sinalada en azul.*

## *3.1. de ZONAS VERDES E LIBRES.*

*a. Definición.*

*Corresponde ós espacios xeralmente arbóreos e axardinados que se destinan ó lecer e repouso da poboación e a súa salubridade, así como ó illamento e protección de vías e de espacios de alta calidade natural en Solos Urbanos.*

*b. Condicións de volumen:*

*As condicións de volumen serán as seguintes:*

- *As aliñacións e rasantes serán as definidas polo presente Plano Xeral ou polos instrumentos de desenvolvemento.*
- *A edificabilidade e ocupación fíxanse no seguinte cadro:*

| *Grao* | *Ocupación máxima%* | *Edificabilidade $m^2/m^2$* |
|---|---|---|
| *A* | *2* | *0,02* |
| *B* | *6* | *0,06* |
| *C* | *2* | *0,02* |

*As posibilidadaes de edificación así reguladas só poderán aplicarse en parcelas maiores de 1.000 m$^2$.*

*A altura da edificación será de 1 planta, con máximo de 4 metros.*

*O cerramento dos espacios libres só poderá facerse con elementos opacos de altura máxima de 0,50 metros; por enriba dela poderán disponerse sebes vexetais.*

*Prohíbense expresamente a corta de árbores existentes, que deberán integrarse na ordenación da zona verde.*

*d. Condicións de uso.*

*As condicións de uso segundo os graos establecidos, que se asignan territorialmente nos planos de cualificación serán os seguintes:*

*Grao a:*

1. *Vivenda familiar: Só para gardería e exclusivamente en zonas maiores de 10Has.*
2. *Industria. Auga, gas, electricidade, etc., categoría 1. Almacéns: Nos tamaños mínimos necesarios para servicios de xardinería.*
3. *Comercial:En edificio exclusivo: Nos tamaños mínimos necesarios para servicio directo da zona (xornais, artigos para nenos, bebidas. Flores, etc.)*
4. *Oficinas: En edificio exclusivo. Nos tamaños mínimos necesarios para postos de información.*
5. *Espectáculos: Ao aire libre: Categoría única.*
6. *Lugares de reunión. O aire libre. Categoría única.*
7. *Deportivo: Categoría única.*
8. *Sanitario: En edificio exclusivo: Nos tamaños mínimos necesarios para postos de socorro.*

## ***ORDENANZA 3.2. DE ZONAS DEPORTIVAS.***

*Corresponde ás zonas destinadas a albergar edificios e instalacións deportivas ou de espectáculos asimilables, incluíndose tamén como usos complementarios da actividade principal. O **uso predominante será o deportivo**.*

*As aliñacións e rasantes serán as fixadas polo plan xeral ou por os instrumentos de desenvolvemento. Se fixa unha edificabilidade máxima de 0,50 m$^2$/m$^2$. A altura máxima será de catro metros salvo para os elementos que por a súa contextura e función requiran alturas maiores.*

*A ocupación máxima coa edificación será do 35%. A ocupación conxunta de edificios e tratamentos superficiais será do 70%. Alomenos o 30% da superficie deberá ser tratada como solo libre axardinado.*

*Usos permitidos:*

1. *Vivenda: unifamiliar,só para gardería, en zonas maiores de 5.000 m$^2$.*
2. *Garaxe-aparcamento: Anexo a outros usos: Categorías 1, 2, 3,4.*

3. *Comercial: En edificio con outros usos que non sexan vivenda. Categoría 1.*
4. *Oficinas: En edificio con outros usos que non sexan vivenda. Categoría 1.*
5. *Lugares de reunión: Unicamente asociados ó uso dominante. Cat.1. Locais abertos categoría única.*
6. *Deportivo. Locais pechados cat.1, 2, 3 e 4. Ao aire libre Cat. Única.*
7. *Sanitario: En edificio con outros usos. Categoría. 1.*
8. *Servizos Xerais.*

*O Concello para edificacións destinadas a equipamentos que se poderían incluir na Ordenanza 3.3, poderá utilizar solos que Terán como a ordenanza de aplicación 3.2, e viceversa, aínda que sempre sen sobrepasa-los valores máximos de edificabilidade e ocupación.*

## ***ORDENANZA 3.3 DE ZONAS CULTURAIS***

*a. Definición*

*Corresponde ás zonas nas que se establezan dotacións culturais e sociais de carácter público. A súa aplicación farase tanto ás zonas que aparecen graficadas nos planos de clasificación comos ás non graficadas que resulten destinadas a equipamentos deste tipo nos instrumentos de desenvolvemento do presente Plano Xeral. Para as instalación existentes esta Ordenanza será de plena aplicación nos casos de renovación, e só terá carácter subsidiario nos restantes casos, continuando vixentes as regulacións específicas aprobadas no seu día polo Concello. Considérase uso dominante o equipamento cultural e social. (…).*

*c. Condicións de volumen.*

As condicións de volumen serán as seguintes:

- As aliñacións e rasantes serán as fixadas polo presente Plano Xeral ou polos seus instrumentos de desenvolvemento.
- A disposición da edificación e dos espacios libres virá determinada polas necesidades específicas dos servicios que deban prestar, así como polas disposicións legais que as afecten segundo a súa finalidade.
- As condicións físicas e voluméntricas das instalación asústanse no posible ás xeral da zona en que se atopen imbricadas.
- A edificabiliade máxima será de 1,20 m2/m2.
- A altura máxima será de 5 plantas.

*d. Condicións de uso.*

Os usos permitidos serán os seguintes:

1. Vivenda: Vivenda unifamiliar (só para gardería).
2. Garaxe- aparcamento (ó servizo do uso dominante). Anexo a outros usos: Categoría 1, 2, 3.
3. Aloxamento colectivo (como uso dominante asociado a el). Residencias institucionais: Categoría 1, 2, 3, 4.
4. Oficinas (asociadas a uso dominante). En edificio con outros usos que non sexan vivenda: categoría 1 e 2.
5. Espectáculos (asociados ao uso dominante). Locais pechados: Categoría 1.

6. Lugares de reunión (asociados ao uso dominante). Locais pechados: Categoría 1 e 2.
7. Relixioso. Grupo único categoría única.
8. Cultural. Grupo único categoría única.
9. Deportivo (asociados ao uso dominante). Locais pechados: Categoría 1 e 2. Ó aire libre categoría única.
10. Sanitario. En edificio exclusivo: cat. única. En edificio con outros usos: cat 1 e 2.

*Os equipamentos e dotacións regularanse en principio polo tipo de ordenación da zona onde se encadra e manterán condicións de composición urbanística acordes coa mesma, procurando respectar e mante-las aliñacións do seu cuarteirón e lindantes.*

*Non obstante, cando os equipamentos se sitúen en zonas non formalizadas e en áreas libres de edificación aceptarase a ordenación volumétrica específica, sempre que non sobre pase os estándares fixados*.

**PXOU 1993**

O PXOU 1993 é un Plan non adaptado á Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia, nin a Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural (LOUGA) , polo tanto, segundo a **Disposición Transitoria Primeira da Lei, apartado 2**, o réxime de aplicación será:

*"Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei"*.

**II.- NORMATIVA EXAMINADA**

- O Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana,
- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia,
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas,
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local,
- O Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado polo Decreto do 17 de xuño de 1955,

- Lei hipotecaria, aprobada por Decreto de 8 de febreiro de 1946 (reformada pola Lei 13/2015, do 24 de xuño)
